

CONCLUSIÓNS DAS I XORNADAS DA MINERÍA

1.- A actividade mineira, -especialmente a minaría a ceo aberto para a que, cada día, son máis numerosas as voces que solicitan unha moratoria para as áreas de montaña millor conservadas-, é unha actividade de moi graves impactos sobre o territorio, sobre os distintos usos do solo e sobre o medio ambiente. Polo tanto non pode formularse unha Lei de Ordenación da Minaría sen tomar en consideración os distintos intereses e usos que coinciden sobre o territorio.

2.- A vixente Lexislación mineira, -a Lei 22/1973, de Minas e o seu Regulamento-, é filla dun contexto preconstitucional no que non existía preocupación algunha pola ordenación do territorio, pola protección dos usos do solo e pola protección do medio ambiente e do noso patrimonio natural. Dado o carácter básico desta lexislación, recoñécense as dificultades derivadas dos restrinxidos límites nos que tén que desenvolverse a presente Lei. Non pode, por tanto, deixar de facerse a reivindicación de modificar o marco da Lexislación mineira do Estado no sentido de asegurar que os dereitos e as explotacións mineiras resulten compatíbeis cos demais usos do solo e coa protección ambiental.

3.- Valoramos moi positivamente a intencións que se declara nos principios orientadores da Lei de facer da minaría unha actividade sustentable e planificada a través dun Plan da Minaría, que trate de valorar en pé de igualdade os demais usos do solo; asimismo valoramos como moi positivo a ampla participación cidadá que se lle ofrece á sociedade para a elaboración, deseño e execución da política mineira mediante a creación do Consello da Minaría de Galicia, do que consideramos que debe tamén abrirse ao ámbito do coñecemento científico dos expertos universitarios. Igualmente se valora de forma moi positiva a intención da Lei de que as zonas afectadas pola actividade mineira podan participar dos beneficios que ela xenera e que os recursos mineiros se poñan ao servizo do país pechando en Galiza o seu ciclo de aproveitamento.

4.- Doutra parte, tamén hai que estimar como moi acertada a proposta que se fai na Lei de Ordenación da Minaría de que os dereitos mineiros que se podan otorgar contén, todos eles, con informes previos non só da Consellería de Medio Ambiente, senón tamén con informes previos dos concellos e máis das consellerías máis afectadas pola actividade mineira: medio rural, ordenación do territorio, patrimonio cultural, etc.

5.- Non pode aceptarse a modificación que se propón do artigo 37 de Lei 9/2002 no sentido de levantar a protección do solo de especial protección agropecuaria para poder autorizar neste a realización de actividades extractivas, e, ademais, prescindindo non xa do trámite previsto nos instrumentos da Lei de Ordenación do territorio, senón, incluso, da autorización urbanística.

6.- A situación de ilegalidade na que se encontran o 90% das explotacións mineiras non ten outra responsabilidade que a das propias empresas mineiras que actuaron con pleno coñecemento de tal ilegalidade e a das administracións de minas, de política territorial e municipais que consentiron nesta ilegalidade. Non pode, pois, obrigarse ao conxunto da sociedade a que aceptemos a legalización de todas estas explotacións sen estudar e decidir sobre os demais usos do solo que merezan ser prevalentes. No trámite de tal legalización non pode obviarse, pois, un riguroso estudo de compatibilidade, sobradamente cando a maioría dos concellos non contan con planeamento municipal

adaptado a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural. Neste sentido, rexeitamos tamén a modificación da transitoria decimo segunda da Lei 9/2002 que se propón no texto da lei de ordenación da Minaría de Galicia que saíu do Consello da Xunta. Entendemos que, habida conta, de que se trata de usos que son competencia de distintas consellerías, esta competencia téñ que seguir sendo responsabilidade do Consello da Xunta e, en consecuencia, non consideramos tampouco acertada a enmenda que propoñen os grupos parlamentarios do BNG e do PSOE de que a decisión de compatibilidade sexa responsabilidade da Consellería de Industria, cando se trata dunha competencia que, en todo caso, corresponde á consellería competente en materia de ordenación do territorio.

O mesmo cabe dicir en relación á decisión sobre compatibilidade dos dereitos mineiros con utilidades públicas que corresponden a competencias de consellerías distintas á consellería competente en materia de minas: en coerenza, ademais, co que se dí na Lei sobre as competencias do Consello da Xunta, esta decisión sobre prevalencia e compatibilidades téñ que seguir sendo responsabilidade do Consello da Xunta cando afecte a competencias que pertencen a distintas consellerías.

7.- Por coerenza co trámite de autorización dos demais usos do solo regulados na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección de medio rural de Galicia, e tamén polo interese de que o procedemento de autorización das explotacións mineiras resulte homologable ao trámite de autorización doutras actividades e instalacións en solo rústico, non se considera acertado que a autorización autonómica que a Lei 9/2002 esixe ás actividades extractivas se substitúa por informes preceptivos, sexan estes de carácter ordinario. como se propón no texto do Consello da Xunta, ou sexan determinantes, como se propón nas enmendas dos grupos parlamentarios do PSOE e BNG.

8.- Por último, agradecer, en nome de todas e todos os participantes nestas xornadas, a dispoñibilidade que demostraron os tres grupos parlamentarios de reflexionar sobre as conclusións que poideramos propoñerlles a resultas destas xornadas. E por suposto, empezamos por agradecer, xa de antemán, a dispoñibilidade dos grupos do BNG e PSOE ao ter xa atendido nas súas enmendas ao articulado da Lei boa parte das consideracións que nestas xornadas temos debatido en torno a esta lei de ordenación da minaría de Galicia.

Vilalba, a 20 de Outubro do 2007

Resolución final: estas xornadas queren expresar o seu unánime apoio á reivindicación dos afectados polas concesións mineiras da Terra Chá esixindo da Consellería de Meio Ambiente a xa urxente revisión da Declaración de Impacto Ambiental para poder proceder a un novo procedemento de avaliación ambiental das concesión mineiras recurridas.